



Árbore
Commemorativa

Buxo ofrenda en lembranza de Camilo José Cela, Premio Nobel de Literatura no ano do seu pasamento (2002) en alusión á súa derradeira obra 'Madera de boj', publicada no 1999.



BUXO

" B u x o d o N o b e l "

Buxus sempervirens

SABÍAS QUE...? A dureza e resistencia da madeira de buxo fai que sexa empregada para fabricar as bólas da Lotería Nacional e tamén os punteiros das gaitas.

É un arbusto ou pequena árbore sempre verde pertencente á familia das Buxaceae. Esta especie vive no centro e sur de Europa, norte de África, Cáucaso, Asia menor e sur do Himalaya. Na Península fundamentalmente na súa metade norte, asociado sobre todo ás montañas calcarias. É moi abundante nos Pirineos e as súas inmediacións.

Nome común: Boj, Boje, Buje (cast.); Buxo, Boxe, Mirto (gal.); Common box, boxwood (ing.).

Etimoloxía:

- Buxus: procede do grego puxos, que significa caixa ou cubilete, pola forma do seu froito e o uso que se lle daba á súa madeira
- sempervirens: quere dicir 'sempre verde', ao ser de follas persistentes

Descrición da especie: O buxo é xeralmente un arbusto ramoso e sempre verde, que se se deixa medrar toma o porte dun arbolíño que chega ata os 5 m e en ocasións os 12 m. A cortiza de nova é lisa nos exemplares novos e chea de resquebraixaduras nos adultos, de cor pardo-grisáceo. As follas son simples, opostas, coriáceas, persistentes, teñen a marxe enteira e ás veces están escotadas no ápice. Son lampiñas de adultas, aínda que de novas son pelosas na base, o rabo e as ramiñas. A súa forma é de ovalada a elíptica, non se adoitan presentar planas senón algo combadas, é dicir, coa lámina algo revolta cara ao envés. A súa cor é verde intensa e brillante polo feixe, mentres que o envés é verde pálido ou amarelado, aínda que no outono poden tomar unha característica cor alaranxada a causa do frío ou amarelar por unha seca prolongada. Hai flores masculinas e femininas sobre o mesmo pé de planta, pero están separadas en distintas ramiñas. Son esbrancuxadas, aínda que as masculinas tinguense de amarelo ao producir o pole. Os froitos son cápsulas que teñen tres corniños característicos cando aínda están pechados. Florece ao final do inverno ou ao comezo da primavera e os seus froitos maduran no verán. De crecemento moi lento, pode chegar a vivir 600 anos.

